

SECRETARÍA GOBERNO LOCAL

Concellería de SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE VIGO



INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCIÓN Expte: 1547/1102

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

En data 19 de setembro de 2023 [REDACTED] solicita acceso a información en materia de

- Contratos de obras maiores, Menores e/o como calquera tipo de licitación que poida existir en relación coas actividades "DO NADAL DURANTE A CAMPAÑA DO Nadal" "CÍES MARKET" para o Nadal 2023-2024.
- Autorizacións outorgadas para a ocupación da vía pública para as Actividades "DO NADAL DURANTE A CAMPAÑA DO Nadal" "CÍES MARKET" para o Nadal 2023-2024.
- Calquera tipo de prórrogas de contratos ou autorizacións que existan de contratos ou autorizacións de ocupación da via pública anteriores para as actividades "DO NADAL DURANTE A CAMPAÑA DO Nadal" "CÍES MARKET" para o Nadal 2023-2024.

En data 19.09.2023 solicitouse informe ao servizo xestor que emitiu informe en data 30.10.2023.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 13:42	Páxina 1 de 7
1547-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

A LTAIBG recoñece no seu artigo 12 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, e o seu obxectivo é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións que afectan os cidadáns, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións. Neste sentido, o Preámbulo da LTAIBG, sinala que *"A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos."*

A este respecto, cabe lembrar que aínda que o artigo 13 -en relación co artigo 12 da LTAIBG- recoñece o dereito dos cidadáns para acceder a información pública obrante nos organismos e entidades incluídos no seu ámbito de aplicación, non é menos certo que dita

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 13:42	Páxina 2 de 7
1547-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

norma indica, no apartado 1 da súa Disposición Adicional Primeira, que "A normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren no mesmo".

Respecto a esta disposición, e conforme a resolución do CTBG núm. 198/2022, deben formularse algunhas consideracións para que poida ser invocada como motivo de inadmisión: primeiro, debe existir un específico procedemento administrativo aplicable ao caso; segundo, o reclamante debe ser un interesado no mesmo; e, finalmente, terceiro, o procedemento debe estar en curso.

Neste punto cómpre sinalar que efectivamente existe un procedemento específico de contratación " *expte 9713-335- contratación por procedemento aberto dun patrocinio publicitario dun concerto internacional no Estadio de Balaídos en 2023, con fin de promocionar a Marca Vigo a nivel nacional e internacional* " que actualmente se atopa en tramitación. Non obstante, o solicitante non acredita a concorrencia dun interese lexítimo ou vínculo concreto co obxecto do procedemento polo que procede admitir a nova solicitude de acceso a información pública.

SEGUNDO.- Respecto da solicitude formulada.-

A vista da solicitude de acceso a información e de conformidade co artigo 19 da LTAIBG solicitouse informe ao Servizo de Comercio.

En materia de publicidade activa e en relación coa solicitude formulada o artigo 5.1 da LTAIBG determina que as Entidades Locais están obrigadas a publicar "*de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública*". E respecto os contratos a letra a) do artigo 8.1 da LTAIBG prevé que as administracións "*deberán facer pública, como mínimo, "a información relativa aos actos de xestión administrativa con repercusión económica ou orzamentaria que se indican a continuación"*, especificándose na materia que agora interesa o seguinte:

"a) Todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, o importe de licitación e de adxudicación, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, publicouse, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato. Igualmente serán obxecto de publicación as decisións de desistencia e renuncia dos contratos. A publicación da información relativa aos contratos menores poderá realizarse trimestralmente. Así mesmo, publicaranse datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público"

Así mesmo o artigo 63 da LCSP determina que os órganos de contratación difundirán exclusivamente a través de Internet o seu perfil de contratante, como elemento que agrupa a información e documentos relativos á súa actividade contractual ao obxecto de asegurar a transparencia e o acceso público aos mesmos establecendo no paragrafo terceira a documentación mínima obrigatoria que deberá publicarse.

A efectos da LTGB, o Consello de Transparencia e Bo Goberno en resolución 152/2020 sinala "*que la citada finalidad de la LTAIBG (conocer cómo se toman las decisiones que les afectan, cómo se manejan los fondos públicos o bajo qué criterios actúan nuestras*

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 13:42	Páxina 3 de 7
1547-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

instituciones) en este caso se garantiza, como la propia reclamante señala, con la previsión contenida en el artículo 8.1.a) de la LTAIBG, que prevé que la información relativa a la materia de "contratos" debe ser publicada de oficio. No, con la pretensión de recurrir la licitación y adjudicación de un contrato de servicios, con independencia del derecho que se tenga a ello y que a este Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no le corresponde valorar, que es una cuestión particular.

Por todo ello, si el/ la solicitante considera que tiene derecho como interesada a acceder al expediente de contratación y a interponer un recurso especial en materia de contratación, o el que considere oportuno frente a la licitación y adjudicación del contrato, deberá utilizar las vías de impugnación previstas."

E por isto polo que a través da solicitude de acceso a finalidade da LTAIBG non é outra que coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións, finalidade que se cumpre coa obriga de publicidade activa de información establecida no artigo 5.1 da LTAIBG.

Neste senso consta informe do servizo de Comercio de data 24.10.2023 relativo aos contratos maiores adxudicados e en licitación

Así mesmo o informe sinala que están en tramitación as seguintes solicitudes de prórroga para a xestión e aproveitamento do emprazamento de atraccións recreativas e outras actividades durante a campaña do Nadal 2023-2024, actualmente en tramitación

Nº EXPTE	CONCEPTO
9349/106	[REDACTED]
9350/106	[REDACTED]
9351/106	[REDACTED]
9352/106	[REDACTED]
9353/106	[REDACTED]
9354/106	[REDACTED]
9355/106	[REDACTED]
9356/106	[REDACTED]

9358/106

En relación aos expedientes en tramitación o artigo 18.1.a) LTAIBG, que permite a inadmisión de solicitudes que se refiran a información que estea en curso de elaboración ou de publicación general. Concretamente o Consello de Transparencia e Bo Goberno en resolución R-0587-2022 / 100-007049 [Expte. 448/2023] determina "En efecto, conviene recordar que la causa de inadmisión invocada [artículo 18.1.a) LTAIBG] debe entenderse únicamente justificada cuando la información no está aún disponible (en curso de elaboración), o va a ser publicada en breve plazo de tal manera que será accesible con carácter general, como aquí acontece, al encontrarse el contrato afectado en fase de adjudicación a la que ha de seguir por mandato legal la publicación del anuncio de formalización."

E por isto polo que procede estimar a solicitude e facilitar a información dos contratos adxudicados e en licitación cuxo anuncio está publicado no perfil do contratante así como os contratos menores adxudicados mediante acceso ao enlace ao perfil de contratante e transparencia.

En relación cos expediente de prórrogas de solicitudes de ocupación demanial, actualmente en tramitación, procede a súa inadmisión conforme o artigo 18.1.a) LTAIBG informando que a resolución de prórroga será publicada no perfil do contratante e accesible con carácter xeral.

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle a Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2023.

Polo exposto fórmulase a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente a solicitude formulada pola [REDACTED] e facilitar a información dos contratos adxudicados e en licitación relacionados no informe do servizo de comercio mediante acceso aos enlaces sinalados.

CAMPAÑA NADAL 2023-2024			
	Nº EXPTE	CONCEPTO	ENLACE
CONTRATO MAIOR ADXUDICADO	7788/106	Contrato mixto para a realización dunha Exposición Belenística durante as Campañas do Nadal	https://contrataciondelestado.es/wps/portal/!ut/p/b1/hZBPC4JAEMU_kcy46ppH_66KpWla7kWETBZSLxHRp28VugTa3B783puZBxxqRTXQMIXD0DW4AB_bp-jbh5jG9g41cG42duUf7cjSkOWZj8TJTaoHqZQI1dC-xCDe3RVOUHtzAKeN7qeuG4QEd4XmIUm8sqThLkEagngyti4-

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 13:42	Páxina 5 de 7
1547-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

			NcW4tdvaK5exVVGi4ghRmHgJaV8gxH6z38GviBbCQuwdeL2EoRDOA3db3mpk8su4mx_yhhREencmA8DFwrPb0WksP4DPSWxPw!!/
	7819/106	Instalación de megafonía en varias rúas de Vigo con motivo da Campaña do Nadal	https://contrataciondelestado.es/wps/portal!/ut/p/b1/hZBBC4JAFIR_Ubxp1bWO5upqWJqm5V5CyGQh8xIR_fpU6BJk7zwbzcxjSFFp22AmYICOpG7VQzfVXXe36kolKWWfnMLbOeHSgEwTD2yV2tz0416CirZ66la_6jPtqXSHAMVPphe7rh8wLDJDgEUiz3kwSNYDZQ_gxzKY_b8K8FFbhmsW6yLhWSiBMPBFIM8tSMb_-Q-kRmQqYQSmXpWuAW2Drq2_x4tXab_FOtnsE8nmAB8WE9QgPVppJQtnsnkD1FWO_g!!/
	8586/106	Instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal. Lote I, II e III	https://contrataciondelestado.es/wps/portal!/ut/p/b1/hZBLC4JQFIR_kZzxtad-rxqD81XeTchZHEhaxMR_fpUaBNkZzfwzcxhSFJtWWAmYID2JK_NQ52bu7pdmwvVJKV1sCta0cLAyJLFTans7gZJL0Evv3zVJ16tUcqqI6HAMkPppp-4bhAyzHPDA1t5ZcnDQbIeqHsAP87G6P9ViI9_ZrhmFVcpzyMBRGHgrUp9BsH4P_-O5IhMJYzA1IvTJaBNeOva7_ESJ-u3iNN1kQqmA3xYbEmdVJrMTnmkifMbjppf0g!!/
CONTRATO MAIOR EN LICITACIÓN	9274/106	Contratación por procedemento aberto mixto de servizos e subministros de iluminación decorativa da cidade de Vigo na Campaña do Nadal	https://contrataciondelestado.es/wps/portal!/ut/p/b1/hZBbC4JAFIR_kZxp1bUezctqWG6alvsSQhcWMI8iol-fCr0E2nkb-GbmMKSochwwCzBBB1L3-qmv9UO39_pGFSnlHN0y2LrxwoTIZAC2zBxudahWknQWVTV3Sj3-cT7ahK-wDFj1aQel4YMcxz0wdL_KLgUS9ZB1QdgJfZMfjHCvH126ZnlatS8jwWQByFfilMbAjG_n3pAZkKmEAp16cLgFtorY5_46XLrNui5Vc76RgM4D3i0lqIDZUdsijQ1w_8x8hzw!!/
CONTRATOS MENORES ADXUDICADOS	9919/106	Coordinación en materia de seguridade e saúde na instalación e desmonte dos elementos ornamentais luminosos, vexetais e non vexetais e da exposición belenística durante a campaña do nadal 2023-2024	https://transparencia.vigo.org/?id=118&tipo=ele&ita=0&lang=ga
	9878/106	Recollida de datos e resultados en medios de comunicación e na contorna dixital	https://transparencia.vigo.org/?id=118&tipo=ele&ita=0&lang=ga
	9889/106	Prestación do servizo de deseño, impresión, transporte, montaxe, mantemento e desmonte dos diferentes elementos de cartelería, photocall e peche perimetral na Campaña de Nadal 2023-2024	https://transparencia.vigo.org/?id=118&tipo=ele&ita=0&lang=ga

SEGUNDO.- Inadmitir a solicitude formulada pola [REDACTED] de acceso aos expediente de prórrogas de solicitudes de ocupación demanial para a xestión e aproveitamento do emprazamento de atraccións recreativas e outras actividades durante a campaña do Nadal 2023-2024 conforme o disposto no artigo 18.1.a) LTAIBG informando que a resolución de prórroga será publicada no perfil do contratante e accesible con carácter xeral.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 13:42	Páxina 6 de 7
1547-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TERCEIRO.- Notificar á persoa interesada e comunicar que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19 modificada por Resolución de data 28.06.2023, 20.06.2023 e 28.06.2023, BOP nº 129 de data 5.07.2023 e 28.06.2023)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 13:42	Páxina 7 de 7
1547-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		